



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2020/6	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 12:35 ata as 13:00 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	NON
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***3018**	Mariano Abalo Costa	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 27 de xaneiro de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o borrador da acta da sesión realizada en data 27 de xaneiro de 2020.

Expediente 649/2020. Solicitud de reubicación de praza de estacionamento de minusválidos e prohibición de estacionamento

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por Á.B.R., na que demanda a reubicación da praza de estacionamento de minusválido e prohibición de estacionamento na avenida de Lugo, nº X, diante do sinal de pasaxe permanente nº 491.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 03.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"... esta policía informa que as dúas prazas sitas na avenida de Lugo están mal ubicadas, imposibilitan a saída dos garaxes, deberíanse poñer antes, xunto o nº 20 da mesma rúa e o lugar que ocupan deixalo para carga e descarga".

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente o informe emitido ao respecto pola policía local.

Expediente 620/2020. Informe da policía local s/alteración da orde pública coa emisión de ruídos producidos por carga e descarga

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.R.C., na que indica que os camiós que fan a descarga na avenida de Vigo, nº X, producen ruídos e non deixan descansar.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 04.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A xefatura da policía local con relación á solicitude de A.R.C., onde solicita que se inspeccione o horario de carga e descarga polos ruídos producidos, esta policía informa o seguinte: urxe a aprobación dunha ordenanza municipal de ruídos que regule ese tipo de actividades sobre todo en horas nocturnas, así como, a adquisición dun sonómetro para comprobar os niveis de ruídos".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe emitido ao respecto pola policía local, referente á solicitude realizada polo Sr. R.C., sobre alteración da orde pública coa emisión de ruídos producidos por





carga e descarga.

Expediente 6390/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6390/2019.- Visto o expediente de solicitude de regularización de fincas rústicas sitas en Seixo Branco-Liméns, que promove, M.F.G., titular do DNI nº ***2708**, en data 31 de outubro de 2019, rexistro de entrada electrónico nº 2083, das seguintes referencias catastrais: X, cosistente en regularizar cinco fincas iniciais dando como resultado tres finais, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. de data outubro 2019.

Vistos os informes técnicos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a regularización de fincas rústicas sitas en Seixo Branco-Liméns (referencias catastrais: X), que promove M.F.G., titular do DNI nº ***2708**, en data 31 de outubro de 2019, rexistro de entrada electrónico nº 2083, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. de data outubro 2019, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 716,60 m2., que conta cunha edificación existente enclavada na parcela de referencia catastral X, parcela 2 de 815,57 m2, que conta cunha edificación (referencia catastral X); e parcela 3 de 1311,92 m2., que conta cunha edificación principal e outra secundaria (X).

Expediente 7310/2019. Prórroga de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7310/2019 (EXPEDIENTE Nº 24716-A.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23715).- Conceder a S.C.O. a prórroga da licenza solicitada nº 23.715, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe técnico favorable obrante no expediente de 5 de febreiro de 2020.

Expediente 4949/2019. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4949/2019.-





PRIMEIRO.- Autorizar a segregación solicitada por "VELÁZQUEZ INMOBILIARIA SL", consistente en dividir unha finca de 495,15 m2., con referencia catastral X, de urbana, en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico F.M.L. de data de decembro de 2019, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 216,32 m2., que conta cunha edificación existente en planta baixa; parcela 2 de 238,63 m2., que conta cunha edificación existente, parcela 3 de 40,20 m2., de cesión a vía pública para ampliación do viero.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará á obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 40,20 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 567/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 06.02.2020 da Alcaldía, referente ao expediente nº 567/2020-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar do Igrexario- O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar dous buratos no pavimento hai máis de dous meses, sen licenza para iso, sen repoñerse o pavimento, sen sinalizar e sen retirar os escombros.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados 'TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU', promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa de entre seis mil un e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:





ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a 'TELEFÓNICA ESPAÑA SAU', por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar dous buratos no pavimento hai máis de dous meses, sen licenza para iso, sen repoñerse o pavimento, sen sinalizar e sen retirar os escombros.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse, no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 766/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 06.02.2020 da Alcaldía, referente ao expediente nº 766/2020 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:





"Resultando que no lugar de Fenteiras-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un andar a maiores excedendo a altura de cornisa, segundo a licenza nº 22853.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J.A.M.P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.A.M.P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un andar a maiores excedendo a altura de cornisa segundo a licenza nº 22853, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.





QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3394/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 15.01.2020 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 3394/2019-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Con data 22.11.2019 'Romero y Pereira Inversiones SL', con NIF Nº B36987402, solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística, para proceder ao seu pagamento no periodo voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.09.2019 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

Visto o xustificante de pagamento de data 29 de novembro do 2019, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 3394/2019-S, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a 'Romero y Pereira Inversiones SL', por ter realizado no lugar de avenida de Xosé M. Castroviejo, as obras de realizar un aproveitamento baixo cuberta e visto o xustificante de pagamento de data 29.11.2019, existente no expediente sancionador nº 3394/2019-S.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Non aprobar o informe emitido en data 15.01.2020 pola xefa de urbanismo,





referente ao expediente nº 3394/2019-S de restauración da legalidade urbanística.

SEGUNDO.- Deixar sobre a mesa, pendente de ampliación de documentación o presente expediente de disciplina urbanística.

TERCEIRO.- Requirit informe urxente do arquitecto municipal (para incluír na vindeira Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro), de inspección 'in situ' para comprobación das obras de referencia e se están axustadas á legalidade urbanística.

Expediente 764/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 06.02.2020 da Alcaldía, referente ao expediente nº 3741/2019 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Castrillón-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha ampliación de vivenda sen licenza para iso. O informe da inspección municipal sinala que existe unha comunicación previa de obras, nº 4937/2018, para reforma de edificación tradicional pero sen ampliación. Puntualiza tamén que é necesario un informe da Deputación ou unha tira de cordas do Concello para coñecer o recuado da edificación e do resto da parcela do eixo da estrada.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M.M.P. promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre trescentos e seis mil euros (300 e 6.000 €) de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ó infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO





PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador por infracción urbanística a M.M.P, de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha ampliación de vivenda sen licenza para elo. O informe da inspección municipal sinala que existe unha comunicación previa de obras, nº 4937/2018 para reforma de edificación tradicional pero sen ampliación. Puntualiza tamén que é necesario un informe da Deputación ou unha tira de cordas do Concello para coñecer o retranqueo da edificación e do resto da parcela do eixo da estrada.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario do mesmo o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5780/2019. Proposta da alcaldía para aprobación do expediente "C2019-Pavimentación enlace Barrio do Forte"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 05.02.2020 da Alcaldía, referente á aprobación do expediente





"C2019-Pavimentación enlace Barrio do Forte", que é como segue:

"Visto o proxecto de Pavimentación enlace Barrio do Forte-O Forte-Coiro-Cangas", redactado pola arquitecta técnica C.G.e o delineante A.F.F., en decembro de 2018, cuxo orzamento ascende á cantidade de oitenta e oito mil seiscentos doce euros con doce céntimos (88.612,12 €) co IVE engadido, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 17 de decembro de 2018.

Visto que a Deputación de Pontevedra dentro do 'Plan Concellos 2018/2019', en data 14 de marzo de 2019, concedeu unha subvención para a execución do antedito proxecto por importe de oitenta e oito mil seiscentos doce euros con doce céntimos (88.612,12 €).

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito o día 04.04.2019, por importe de oitenta e oito mil seiscentos doce euros con doce céntimos (88.612,12 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2019 / 0 / 1532 / 619 / 05 (número de asentamento 002940).

Visto que se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o cadro de características do contrato (CCC), que rexerán esta licitación.

Visto que constan no expediente o informe de conformidade realizado por intervención en data 03.02.2020 (informe 2020-0019 SCM-008-20).

Por todo o que antecede, de conformidade co disposto na Disposición adicional segunda da LCSP e no Decreto 2019-1135, de 17 de xullo de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra de 'Pavimentación do Barrio do Forte-O Forte-Coiro-Cangas', xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o cadro de características do contrato que rexerán o procedemento de licitación.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 2019 / 0 / 1532 / 619 / 05 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5789/2019. Proposta da alcaldía para subsanación de erro na contratación da obra "Acondicionamento espazo rúas Poio - Ensinanza"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Concello de Cangas

Vista a proposta de data 06.02.2020 da Alcaldía, referente á subsanación de erro na contratación da obra "Acondicionamento espazo rúas Poio - Ensinanza", que é como segue:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión desenvolvida o 3 de febreiro de 2020, referente á contratación da obra 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza', e advertido un erro no punto oitavo referente ao nomeamento da dirección de obra.

Considerando o disposto na Disposición adicional segunda, no Decreto 1134-2019, de 17 de xullo de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Subsanan o erro detectado e proceder á súa corrección, cancelando o nomeamento da arquitecta técnica C.G.C. como directora da obra de 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza'.

SEGUNDO.- Nomear a M.I.M.F., arquitecta municipal, como directora e coordinadora de seguridade e saúde da citada obra.

TERCEIRO.- Notificar á empresa adxudicataria 'CONSTRUCCIONES VALE SL', con NIF nº B36024933.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 16/2020. Proposta da concelleira de servizos e enerxía para inicio do expediente do servizo de mantemento de ascensores

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 06.02.2020 da concelleira de servizos e enerxía, referente ao inicio do expediente do servizo de mantemento de ascensores, que é como segue:

"Visto que o contrato asinado o día 01.09.2017 coa empresa 'A. Embarba SA', para a prestación do servizo de mantemento de ascensores rematou o día 31.08.2019 e non foi prorrogado.

Visto que o Concello ten a obrigaón de manter en condicións de funcionamento e seguridade todos os ascensores e aparatos elevadores instalados en dependencias municipais, para o cal non dispón de persoal cualificado.

Polo exposto, propoño á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte:

ACORDO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AF6X4M4RXDXDT7AJQC7WYK336A | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 20



Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais.

Segundo.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato.

Cuarto.- Que pola oficina de servizos eléctricos se redacten os pregos de prescricións técnicas (PPT) que rexerán o contrato.

Quinto.- Que se incorporen ao expediente os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que han de rexer o contrato e o proceso de licitación.

Sexto.- Que o interventor informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Sétimo.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de aervizos, apoio xurídico e intervención".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 7622/2017. Solicitud de devolución de fianza

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 05.02.2020, referente a solicitude de devolución de fianza, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 19 de decembro de 2019, ten entrada polo rexistro municipal nº 18.232, solicitude de devolución de fianza depositada, asinada por J.L.P.M., titular do DNI nº ***7363**, como titular da solicitude de licenza de obra nº 20.805 (expediente nº 21.363).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 19 de febreiro de 2018, outorgouse licenza de primeira ocupación a L.P.M. (X-7622/2017).

Terceiro.- Na data de 23 de decembro de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que:

‘Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión está en correcto estado’.

Cuarto.- En data 5 de febreiro de 2020, a tesourería municipal emite informe no que di:





‘Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe non consta o ingreso da garantía a nome de J.L.P.M., por importe de oitocentos oitenta e oito euros con corenta e cinco céntimos (888,45 €).

*Non constan operacións en relación ao citado terceiro. O anterior pode ser debido a unha incorrecta contabilización da garantía no seu día, xa que o terceiro aporta xustificante de ingreso da citada garantía en forma de fianza na conta corrente do Concello nº 2080 5022 1531 1000 8929. O citado xustificante consta no expediente e comprobouse a realidade do ingreso na conta municipal o día 11 de xullo de 2006, así como: ‘resguardo de depósito ou fianza’, polo citado importe e concepto ‘LICENZA OBRAS Nº 21363’, ingresada por J.L.P.M., con NIF ***7363**.*

A citada garantía foi polo tanto ingresada (aínda que non estea contabilizada como tal) e non consta que fora devolta. Procederáse á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente’.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de oitocentos oitenta e oito euros con corenta e cinco céntimos (888,45 €), depositada por J.L.P.M. no expediente de licenza de obra nº 20.805 (expediente nº 21.363/X-7622/2017).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta transcrito anteriormente.

Expediente 3866/2018. Solicitud de devolución de fianza





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 05.02.2020, referente a solicitude de devolución de fianza, que é como segue:</p> <p><u>"ANTECEDENTES:</u></p> <p><u>Primeiro.-</u> Con data de 22 de xaneiro de 2020, ten entrada polo rexistro municipal nº 843, solicitude de devolución de fianza depositada, asinada por M.C.L., titular do DNI nº **1534**, como titular da solicitude de licenza de obra nº 20.075 (expediente nº 26.257/ X-32/2017).</p> <p><u>Segundo.-</u> En Xunta do Goberno Local de data 17 de decembro de 2018, outorgouse licenza de primeira ocupación a M.C.L. (X-3866/2018).</p> <p><u>Terceiro.-</u> Na data de 27 de xaneiro de 2020, o inspector municipal emite informe no que conclúe que:</p> <p><i>‘Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión está en correcto estado’.</i></p> <p><u>Cuarto.-</u> En data 5 de febreiro de 2020 a tesourería municipal emite informe no que di:</p> <p><i>‘Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe, non consta o ingreso da garantía a nome de M.C.L. por importe de mil sesenta e nove euros con corenta e sete euros (1.069,47 €).</i></p> <p><i>Non constan operacións en relación ao citado terceiro. O anterior pode ser debido a unha incorrecta contabilización da garantía no seu día, xa que o terceiro aporta xustificante de ingreso da citada garantía en forma de fianza na conta corrente do Concello nº 2080 5022 1331 1000 8937. O citado xustificante consta no expediente e comprobouse a realidade do ingreso na conta municipal o día 29 de marzo de 2017, polo citado importe e concepto ‘FIANZA POR CESIÓN GRATUITA DE TERREO LIC Nº 26257, POR ORDE DE M.C.L., DNI Nº ***5347**’, movemento ordenado por J.M.C.M..</i></p> <p><i>A citada garantía foi polo tanto ingresada (aínda que non estea contabilizada como tal) e non consta que fora devolta. Procederá á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente’.</i></p> <p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.</i></p> <p><i>-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.</i></p> <p><i>-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.</i></p> <p>ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE</p> <p><i>O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de</i></p>	





Concello de Cangas

Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil sesenta e nove euros con corenta e sete céntimos (1.069,47 €), depositado por M.C.L. no expediente de licenza de obra nº 20.075 (expediente nº 26.257/ X-32/2017).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 1096/2018. Baixa do servizo de xantar na casa

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios deste concello, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Dar de baixa a C.G.M., con DNI nº ***8314** e expediente nº 36008/01/001296 – 1096/2018, do Servizo de xantar na casa, por renuncia expresa do interesado.

Data de efectos da baixa: 31 de xaneiro de 2020.

Expediente 6590/2019. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural s/renovación das licenzas municipais de venda ambulante-2020

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--------------------------------------------------

Vista a proposta de data 06.02.2020 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente á renovación das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2020, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2020

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AF6X4M4RXDT7AJQC7WYK336A | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 20



orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2019, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2020, no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2020 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propono a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2020, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

- Ref: 3. Y.D.D.*
- Ref: 4. M.E.P.B.*
- Ref: 5. P.M.G.*
- Ref: 6. M.J.C.L.*
- Ref: 8. R.C.L.*
- Ref: 11. F.J.B.*
- Ref: 13. M.L.G.G.*
- Ref: 14. P.J.P.*
- Ref: 15. F.S.P.*
- Ref: 16. F.J.G.A.*
- Ref: 18. C.F.T.*
- Ref: 19. J.M.D.G.*
- Ref: 22. J.J.B.*
- Ref: 24. M.I.P.C.*
- Ref: 26. F.N.G.*
- Ref: 27. M.A.A.*
- Ref: 28. Mimos CB*
- Ref: 29. L.G.L.*
- Ref: 31. L.C.C.*
- Ref: 33. A.P.A.*
- Ref: 35. J.D.G.*
- Ref: 37. M.P.D.M.*
- Ref: 38. E.E.J.*
- Ref: 39. J.C.O.*
- Ref: 41. F.J.V.A.*





Concello de Cangas

- Ref: 42. L.S.V.
- Ref: 43. M.P.G.
- Ref: 46. V.B.G.
- Ref: 47. M.L.G.R.
- Ref: 49. O.P.D.
- Ref: 50. P.J.S.
- Ref: 51. JA.J.B.
- Ref: 54. A.M.T.G.
- Ref: 55. S.T.
- Ref: 56. M.A.F.
- Ref: 57. A.S.J.
- Ref: 59. E.H.D
- Ref: 62. *Panaderia Confiteria Laura SL*
- Ref: 64. M.C.G.
- Ref: 65. D.E.J.
- Ref: 66. M.B.E.J.
- Ref: 69. S.E.R.
- Ref: 71. A.P.A.
- Ref: 72. C.R.V.
- Ref: 73. R.S.J.
- Ref: 74. S.D.B.
- Ref: 75. O.E.G.
- Ref: 77. I.N.M.
- Ref: 80. A.M.P.M.
- Ref: 81. F.B.D.
- Ref: 84. L.N.G.L.
- Ref: 85. A.V.F.
- Ref: 86. M.D.L.
- Ref: 88. J.L.S.
- Ref: 89. S.A.J.J.
- Ref: 90. H.C.O.
- Ref: 91. M.T.N.P.
- Ref: 93. M.C.V.S.
- Ref: 94. M.F.
- Ref: 98. M.C.F.P.
- Ref: 99. P.I.E.J.
- Ref: 101. P.T.L.
- Ref: 102. M.T.S.N.
- Ref: 104. M.M.A.G.
- Ref: 106. S.A.P.R.
- Ref: 107. G.I.R.
- Ref: 115. M.C.I.B.
- Ref: 116. R.T.F.
- Ref: 117. M.M.M.L.
- Ref: 118. J.D.M.
- Ref: 119. J.A.P.R.
- Ref: 120. C.C.M.
- Ref: 122. F.V.M.
- Ref: 124. AM.G.
- Ref: 126. E.A.G.
- Ref: 129. C.H.L.

Concello de Cangas





- Ref: 130. E.L.S
- Ref: 131. L.G.S.
- Ref: 133. M.D.S.
- Ref: 134. J.B.R.
- Ref: 136. M.D.B.C.
- Ref: 140. F.S.S.
- Ref: 142. J.F.M.
- Ref: 143. M.C.F.M.
- Ref: 146. S.E.D.
- Ref: 147. Panaderia Salgueiro CB
- Ref: 148. Plantas A Lagoa SL
- Ref: 157. M.G.N.
- Ref: 160. J.M.P.P.
- Ref: 161. F.C.G.
- Ref: 165. Agrocar Agrícola e Xardín SL
- Ref: 167. T.D.L.CAMBIOS

TITULARIDADE

- Ref: 40. M.E.G.P. – M.E.D.
- Ref: 83. J.A.R.R. – L.H.V.A.
- Ref: 149. G.G.G. – J.A.J.C.

CAMBIOS DE ACTIVIDADE

- Ref: 21. M.I.A.P., cambio de actividade para textil.
- Ref: 49. O.P.D., cambio de actividade para quincalla.
- Ref: 92. R.G.G., cambio de actividade para quincalla.

MODIFICACIÓN METROS

- Ref: 75. O.E.G., pasa a ter 5,00 metros.
- Ref: 106. S.A.P.R., pasa a ter 8,00 metros no mercado dos venres.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 7242/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación dos prezos públicos e sistema de venda de entradas no Auditorio Municipal (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 07.02.2020, referente a aprobación dos prezos públicos e sistema de venda de entradas no Auditorio Municipal, que é como segue:

Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas, propón á Xunta de





Goberno Local a aprobación dos seguintes prezos públicos

PREZOS E SISTEMA DE VENDA DE ENTRADAS PARA ASISTIR AOS ESPECTÁCULOS DE ARTES ESCÉNICAS PROGRAMADOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, INCLUÍDOS NA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DE GALICIA NO EXERCICIO 2020

A Concellería de Cultura deste Concello é consciente e sensible, diante da demanda veciñal, de ter acceso a unha programación profesional de música, teatro e danza. En resposta, para satisfacer dita demanda organizará, no Auditorio Municipal de Cangas ao longo do ano 2020, unha programación estable de artes escénicas, dita programación se incluírá na REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DE GALICIA e será patrocinada ao 50% polo AGADIC (Axencia Galegas Das Industrias Culturais).

O restante 50% será cuberto con aportación municipal e coa aportación do público, a través do pago das entradas para asistir aos distintos espectáculos.

Polo cal, propono a aprobación dos seguintes prezos públicos e sistema de venda de entradas para a programación do Concello de Cangas, incluída na Rede Galega de Teatros e Auditorios de Galicia, no exercicio 2020, e para aqueles espectáculos coas mesmas características pero non incluídos na rede, que esporadicamente se puideran programar no Auditorio Municipal de Cangas.

1.- Prezo das entradas

Con base no acordo plenario do 25 de novembro de 2011, publicado no BOP de 23 de febreiro de 2012), aprobouse a ORDENANZA REGULADORA DE PREZO PÚBLICO POR IMPARTICIÓN DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENÍS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER DEPORTIVO E/OU SOCIOCULTURAI ORGANIZADAS POLO CONCELLO, e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1, di que: o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local e que así mesmo, no seu punto 4 di que: con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custo do servizo.

Os prezos que se establecen son os seguintes:

Entrada: 5,00 € (espectáculos de menos de 5.000,00 € de caché).

Entradas: 8,00 € (espectáculos de máis de 5.000,00 € de caché).

2.- Sistema de venda

2.1. Venda anticipada

Ataquilla.com // Tfno.: 902 504 500

A través da Fundación Obra Social ABANCA.

Co custo para o Concello de Cangas do 2% do importe das entradas vendidas anticipadamente.

2.2. O mesmo día da función





Concello de Cangas

Despacho de billetes do Auditorio.

Horario: 2 horas antes do comezo da función.

Realizarase con persoal e equipos informáticos da Fundación Obra Social ABANCA.

Programación do Concello de Cangas incluída na Rede Galega de Teatros e Auditorios de Galicia no exercicio 2020.

<i>Compañía</i>	<i>Espectáculo</i>	<i>Data</i>	<i>Aportación AGADIC</i>	<i>Aportación Municipal</i>
<i>Talía Teatro</i>	<i>Vida de cans</i>	<i>15.02.2020</i>	<i>1.595,00</i>	<i>1.595,00</i>
<i>ButacaZero</i>	<i>Despois das ondas</i>	<i>07.03.2020</i>	<i>2.178,00</i>	<i>2.178,00</i>
<i>Incendiaria</i>	<i>Microspectivas dun marica millennial</i>	<i>14.03.2020</i>	<i>1.185,50</i>	<i>1.185,50</i>
<i>Cinema Sticado</i>	<i>PYKA</i>	<i>21.03.2020</i>	<i>1.400,00</i>	<i>1.400,00</i>
<i>Ibuprofeno Teatro</i>	<i>O mel non caduca</i>	<i>25.04.2020</i>	<i>1.210,00</i>	<i>1.210,00</i>
<i>Teatro do Atlántico</i>	<i>A conquista da escola de Madheubai</i>	<i>02.05.2020</i>	<i>1.815,00</i>	<i>1.815,00</i>
<i>Contraproducións</i>	<i>Comedia</i>	<i>09.05.2020</i>	<i>2.389,75</i>	<i>2.389,75".</i>

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita da alcaldía.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AF6X4M4RXDXDT7AJQC7WYK336A | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20